

**INDICE**

TITULO PRELIMINAR.....	3
TITULO I <u>DOS ORGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE</u> .....	4
CAPITULO PRIMEIRO <u>DA XUNTA DE FACULTADE</u> .....	4
CAPITULO SEGUNDO <u>DA COMISIÓN DELEGADA PERMANENTE</u> .....	9
CAPITULO TERCEIRO <u>DAS XUNTAS DE TITULACIÓN</u> .....	12
TITULO II <u>DOS ORGANOS UNIPERSOAIS DA FACULTADE</u> .....	13
CAPITULO PRIMEIRO <u>DO DECANO</u> .....	13
CAPITULO SEGUNDO <u>DOS VICEDECANOS E DO SECRETARIO</u> .....	14
TITULO III <u>DA ELECCIÓN E REVOCACIÓN DO DECANO</u> .....	15
TITULO IV <u>DAS COMISIÓN ASESORAS</u> .....	17
CAPITULO PRIMEIRO <u>NORMAS XERAIS</u> .....	17
CAPITULO SEGUNDO <u>DA COMISIÓN DE DOCENCIA</u> .....	18
CAPITULO TERCEIRO <u>DA COMISIÓN DE BIBLIOTECA</u> .....	19
CAPITULO CUARTO <u>DAS COMISIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI     E DEPORTIVAS</u> .....	20
CAPITULO QUINTO <u>DA COMISIÓN DE VALIDACIÓN</u> .....	20
CAPITULO SEXTO <u>DA COMISION DE LABORATORIOS INFORMATICOS</u> .....	21
TITULO V <u>DA REFORMA DO REGULAMENTO</u> .....	21
DISPOSICIÓN ADICIONAIS.....	22
DISPOSICIÓN DERRADEIRA.....	22

## **TITULO PRELIMINAR**

### **ARTIGO 1**

A Facultade de Ciencias Empresariais de Ourense, para o cumprimento das funcións que lle confiren a Lei de Reforma Universitaria e os Estatutos da Universidade de Vigo, rexirase polo presente Regulamento.

### **ARTIGO 2**

A xestión da Facultade estará ordenada polos principios de toma de decisións por maioría e respecto ás minorías. Sen perxucio do establecido polas normas vixentes e por este Regulamento, cada sector da Facultade poderase dotar das fórmulas organizativas que considere oportunas.

### **ARTIGO 3**

O Galego é a lingua da Facultade. Os órganos da Facultade deben empregar o Galego en tódalas súas relacións e comunicacións con outros organismos públicos e persoas privadas radicados na Comunidade Autónoma.

### **ARTIGO 4**

Son órganos da Facultade os seguintes:

- a) Colexiados: Xunta de Facultade, Comisión Delegada Permanente e Xuntas de Titulación.
- b) Unipersonais: Decano, Vicedecanos e Secretario.

## TITULO I DOS ORGANOS COLEXIADOS DA FACULTADE

### CAPITULO PRIMEIRO DA XUNTA DE FACULTADE

#### ARTIGO 5

1.- De acordo co artigo 84 dos estatutos da Universidade de Vigo, a Xunta da Facultade é o órgano colexiado de representación, decisión e control da Facultade. Está composta polo Decano, que a preside, e polo seguinte conxunto de membros:

a) Tódolos profesores, sexa cal sexa a súa adicación. Os profesores con docencia en máis dun centro serán membros da Xunta do centro no que impartan máis horas. Os que teñan a mesma carga docente en varios centros optarán por un deles.

b) Tódolos axudantes. No caso de que un axudante imparta docencia en máis dun centro, aplicarase o apartado a).

c) Tódolos bolseiros que figuren no Plan de Ordenación docente.

d) Unha representación dos Estudiantes igual ó 30% da composición total da Xunta de Facultade, dos cales unha sexta parte serán estudantes do terceiro ciclo.

e) Unha representación do persoal de Administración e Servicios igual ó 10% da composición total da Xunta de Facultade.

f) Os Vicedecanos e o Secretario.

2).- Os representantes dos estudantes serán elixidos por un ano e os do persoal de Administración e Servicios por tres.

#### ARTIGO 6

De acordo co artigo 85 dos Estatutos da Universidade de Vigo, son funcións da Xunta de Facultade:

a) Elixi-lo Decano.

b) Aproba-lo regulamento de réxime interno.

c) Aproba-la xestión do Decano ou, se é o caso, apartalo do cargo mediante moción de censura que deberá acadala maioría absoluta de votos dos presentes.

d) Formula-las necesidades económicas, elaborar e aproba-la distribución da asignación orzamentaria da Facultade.

- e) Formula-los pedimentos do persoal necesario para levar a cabo a administración e os servicios da Facultade.
- f) Realizar anualmente o encargo de docencia ós Departamentos.
- g) Resolve-los conflitos que se poidan producir no seo da Facultade.
- h) Organiza-los servicios da Facultade.
- i) Promover e ordena-la realización de proxectos de fin de carreira e de ensinanzas e actividades complementarias esixidas para a obtención de títulos.
- l) Elaborar unha memoria anual sobre as actividades da Facultade de acordo co artigo 32 dos Estatutos.
- m) Propoñer e aplica-las normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- n) Preparar e coordinar, de modo eficaz e adecuado ó horario das distintas materias, cursos monográficos, cursos de especialización, probas parciais e finais, distribución de aulas e servicios e ensinanzas complementarias, así como habilitar medidas de control do cumprimento das obrigas docentes.
- ñ) Coordinarse con outros centros de cara á elaboración por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu curriculum.
- o) Aprobar anualmente os programas de cada materia presentados polos Departamentos respectivos.
- p) Propoñe-los planes de estudos das titulacións correspondientes.
- q) Todas aquelas que lle atribúan a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente Regulamento.

## **ARTIGO 7**

1.- A Xunta de Facultade poderá delegar na súa Comisión Delegada Permanente as funcións sinaladas coas letras d), e), g), h), i), n), ñ) e o) do artigo anterior.

2.- A revocación do acto expreso de delegación, no caso de terse producido, realizarase nunha Xunta de Facultade Extraordinaria.

3.-Mediante acordo motivado de alomenos un tercio dos seus membros, a Xunta de Facultade poderá avocar para sí o coñecemento dun asunto que lle corresponde resolver por delegación a súa Comisión Delegada Permanente.

4.- Así mesmo, a Comisión Delegada Permanente por decisión de alomenos a metade dos membros presentes poderá elevar para o seu refrendo á Xunta de Facultade calquera asunto da orde do día que por delegación lle correspondese resolver.

## ARTIGO 8

1.- A Xunta de Facultade reunirase como mínimo dúas veces ó ano en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario a iniciativa de:

a) O Decano.

b) Cando o soliciten un cuarto dos membros da Xunta de Facultade.

c) A petición da maioría dos membros da Comisión Delegada Permanente.

2.- A instancia para a convocatoria dunha reunión extraordinaria da Xunta de Facultade hase dirixir por escrito ao Decano, coas firmas correspondentes e coa proposta dunha orde do día determinada. O Decano ven obrigado a convoca-la Xunta para unha data non superior ós 10 días hábiles contados dende a entrada da solicitude no Rexistro da Facultade.

## ARTIGO 9

1.- Na convocatoria da Xunta de Facultade deberá consta-la orde do día, data, hora e lugar da reunión. A convocatoria deberá ser entregada, cando menos, con 72 horas de antelación, salvo no caso de Xunta extraordinaria, que será de 48 horas.

2.- A convocatoria entregarase onde cada quen desenvolva o seu traballo na Facultade, e, no caso dos estudantes, nas dependencias asignadas ós seus representantes, e durante os períodos non lectivos nos seus domicilios particulares por correo certificado. Así mesmo, colocarse copia no taboleiro habilitado ó efecto.

3.- A orde do día será elaborada polo Decano incluíndo, no seu caso, as peticións presentadas por escrito antes da convocatoria, sempre que veñan asinadas por alomenos un dez por cento dos membros da Xunta, ou pola maioría dos membros da Comisión Delegada Permanente.

4.- Na orde do día figurarán inescusablemente as mencións de aprobación da acta da sesión anterior, o informe do Decano e rogos e preguntas, agás cando a Xunta teña carácter extraordinario para debater un só tema, para proceder á elección do Decano ou ó seu revocamento.

## ARTIGO 10

1.- O Secretario da Xunta, que será o Secretario da Facultade, levantará acta de tódalas sesións. No caso de que non puidera asistir, o Decano designará quen faga as súas veces.

2.- En cada acta figurarán inescusablemente as seguintes mencións:

a) Membros da Xunta de Facultade asistentes á sesión, salientando as ausencias xustificadas.

b) Orde do día.

c) Acordos e recomendacións, especificando se foron adoptados por asentimento ou votación e, no seu caso, se o foron por maioría ou unanimidade, facéndose constar o número exacto de votos emitidos, o sentido de cada un deles e as abstencións.

3.- Na Acta téñense que incluír os textos literais dos acordos, así como calquera mención que os membros da Xunta, individual ou colectivamente, desexen que figure expresamente.

4.- Cada Acta será asinada polo Secretario, ou quen fixera as súas veces, co visto e praxe do Decano ou Presidente efectivo da sesión que se reflicta.

5.- As Actas aprobaranse na sesión ordinaria seguinte da Xunta de Facultade, incorporando as modificacións que resulten aprobadas.

6.- As Actas aprobadas publicaranse nun taboleiro habilitado a este obxecto.

## **ARTIGO 11**

1.- Na Facultade levarase un Libro de Actas no que se transcribirán os acordos e debates habidos en cada sesión da Xunta de Facultade. O libro de Actas poderá ser de follas movibles. Neste caso, deberá te-lo primeiro folio en branco e os demais numerados correlativamente e pó-la orde cronolóxica que corresponda ás actas transcritas, ó mesmo tempo cada un deles será rubricado polo decano, selada có do centro. Os espazos en branco deberán estar convenientemente anulados.

2.- Aprobada a acta, o secretario faráa transcribir mecanográficamente por impresora de ordenador ou o medio mecánico que se emplee, sen enmendas nin tachaduras ou salvando ó final as que involuntariamente se produxesen, ás follas correlativas seguindo rigurosamente o seu orden e facendo constar, ó final de cada acta por dilixencia, o número, e numeración de todos e cada un dos folios do papel numerado en que quedou extendida.

Como garantía e seguridade de todas e cada unha das follas soltas, ata a encuadernación, prohibese alterar a orde numérico dos folios

descritos na dilixencia de apertura, debendo anularse por dilixencia nos casos de erro na orde de transcripción ou no seu contido.

3.- O Libro de Actas estará baixo a custodia do Secretario da Facultade, que permitirá a súa consulta a calquera membro da Xunta de Facultade.

4.- Só farán fé dos acordos e recomendacións da Xunta as certificacións expedidas de orde do Decano, polo Secretario da Facultade.

5.- As certificacións poderanse expedir:

a) De oficio, por requerimento dos órganos das Administracións Públicas, incluída a propia Universidade de Vigo, ou por órganos xudiciais no exercicio da súa competencia.

b) A instancia dos membros da Xunta de Facultade.

c) A instancia de calquera interesado.

Nestes dous últimos casos, o contido das certificacións versará só sobre a parte decisoria dos acordos ou recomendacións.

## **ARTIGO 12**

1.- Para a válida constitución da Xunta de Facultade será precisa a asistencia da maioría dos seus membros en primeira convocatoria, e dunha cuarta parte en segunda convocatoria, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente sinalada.

2.- Se transcurrido outro cuarto de hora, non se acadase o quorum necesario para a segunda convocatoria, o Decano procederá a convocala para outro día.

## **ARTIGO 13**

1.- O Pleno da Xunta de Facultade estará presidido polo Decano ou Vicedecano en quen delegue, asistido por o Secretario.

2.- O Decano modera os debates, e poderá fixar turnos e tempos máximos de discusión para cada tema, e, en función das peticións de palabra, determina-la duración de cada intervención. Asemesmo o Decano poderá decidir sobre a alteración da orden de discusión dos puntos da orde do día e ordenamento dos debates.

## **ARTIGO 14**

1.- Os acordos da Xunta de Facultade adoptaranse por asentimento a proposta do Decano, ou en votación por maioría simple dos asistentes.

2.- Non poderán adoptarse acordos válidamente se no momento da votación, e previa petición de quorum por algún dos membros da Xunta, non estiveran presentes alomenos a cuarta parte dos membros da Xunta.

3.- No caso de existir máis de dúas propostas sen que ningunha delas acadase a maioría absoluta de votos dos presentes, procederáse a realizar unha segunda votación entre as dúas máis votadas.

4.- Non se admite a delegación de voto nin o voto anticipado.

5.- Non poderá ser obxecto de acordo ningún asunto que non figure na orde do día, salvo que estean presentes tódolos membros da Xunta, e así o acordan.

## **ARTIGO 15**

As votacións efectuaranse polo sistema de man ergueita, agás cando o solicite algún membro da Xunta, ou cando afecte nominalmente a persoas, que serán por papeleta.

## **ARTIGO 16**

As sesións da Xunta de Facultade serán públicas. Calquera membro da Facultade que non pertenza á Xunta poderá asistir a elas sen voz e sen voto, agás cando se lle autorice no uso da palabra.

## **CAPITULO SEGUNDO DA COMISION DELEGADA PERMANENTE**

### **ARTIGO 17**

1.- A Comisión Delegada Permanente é o órgano ordinario de goberno e administración da Facultade, e está composta por:

a) O Decano, Vicedecanos e Secretario da Facultade.

b) Seis membros electos en representación dos profesores.

c) Cinco membros electos en representación dos estudantes.

d) Dous membros electos en representación do Persoal de Administración e Servicios.

Garantindo, de ser posible, a presenza de representantes de todas as titulacións que se impartan no Centro.



## **ARTIGO 18**

Os membros da Comisión Delegada Permanente teñen que selo da Xunta de Facultade. Unha vez escoitada a proposta do Decano, se a houbese, a elección para ocupa-los postos da Comisión realizarase polos membros de cada sector no seo da Xunta de Facultade.

## **ARTIGO 19**

Os membros da Comisión Delegada Permanente cesarán a petición propia, no momento no que perdan a súa condición de membros da Xunta de Facultade, cesen no cargo académico que concede esta condición, ou se produza a elección dun novo Decano. No caso de baixa de algún membro da Comisión Delegada Permanente, procederase á elección dentro do sector correspondente no máis breve prazo posible.

## **ARTIGO 20**

1.- Son funcións da Comisión Delegada Permanente:

a) Estudiar, asesorar e propoñer solucións en todos aqueles asuntos que a Xunta de Facultade, as Comisións Asesoras ou o Decano, somete a súa consideración, así como resolve-los asuntos de trámite.

b) Todas aquelas que de acordo co previsto no artigo 7 lle sexan delegadas pola Xunta de Facultade.

c) Aquelas funcións que os Estatutos da Universidade de Vigo e o presente Regulamento non atribúan expresamente á Xunta de Facultade, ó Decano ou ás Xuntas de Titulación.

2.- As resolucións da Comisión Delegada Permanente adoptadas por delegación expresarán esta circunstancia e considéranse dictadas pola Xunta de Facultade.

## **ARTIGO 21**

1.- A Comisión Delegada Permanente reunirse como mínimo unha vez ó mes en sesión ordinaria, e con carácter extraordinario a iniciativa de:

- a) O Decano.
- b) Un mínimo da cuarta parte dos seus membros.

2.- Para a válida constitución da Comisión será precisa a asistencia da maioría absoluta dos seus membros en primeira convocatoria, e a asistencia da terceira parte en segunda convocatoria, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente sinalada.

3.- As reunións celebraranse sempre nas dependencias da Facultade en días administrativamente hábiles.

## **ARTIGO 22**

1.- A convocatoria e a orde do día da Comisión rexirase polo establecido nos artigos 9, 10 e 11 para as reunións da Xunta de Facultade, e ademáis serán publicadas no taboleiro habilitado a tal fin.

## **ARTIGO 23**

1.- Os acordos da Comisión adoptaranse por asentimento a proposta do Decano ou en votación por maioría simple dos presentes.

2.- Non poderán adoptarse acordos válidamente se no momento da votación non estivesen presentes alomenos a terceira parte dos membros da Comisión.

3.- As votacións realizaranse segundo o procedemento establecido polos artigos 14 e 15 deste Regulamento.

## **ARTIGO 24**

1.- O Secretario da Comisión, que será o da Facultade, levantará acta de tódalas sesións.

2.- Para o contido das Actas, levanza a expedición de certificacións do libro de Actas da Comisión Delegada Permanente, observarse o que dispoñen os artigos 10 e 11 deste Regulamento.

3.- As Actas aprobadas publicaranse nun taboleiro habilitado a este obxecto.

## **ARTIGO 25**

As reunións da Comisión Delegada Permanente serán presididas polo Decano ou Vicedecano no que delegue, que, a súa vez, dirixirá e moderará os debates.

## **ARTIGO 26**

As sesións da Comisión Permanente serán públicas. Calquera membro da Facultade que non pertenza á Xunta poderá asistir a elas sen voz e sen voto, agás cando se lle autorice no uso da palabra.

## **CAPITULO TERCEIRO DAS XUNTAS DE TITULACION**

### **ARTIGO 27**

1.- A Xunta de Titulación, de acordo co artigo 86 dos Estatutos da Universidade de Vigo, é o órgano colexiado da Facultade encargado da elaboración, aprobación e modificación do plano de estudos da correspondente titulación.

2.- Serán tamén funcións as seguintes:

- a) Elabora-las normas de selección de estudantes e a valoración do seu rendemento e aproveitamento.
- b) Coordinarse con outras titulacións de cara á elaboración por parte dos estudantes das materias de libre elección do seu currículum.
- c) Verificar anualmente os programas de cada materia da titulación presentados polos departamentos respectivos.

3.- O pleno da Xunta de Titulación está composto por:

- a) O Decano, que as preside.
- b) O Secretario do Centro e, de se-lo caso, o Vicedecano responsable da Titulación.
- c) Tódolos profesores membros da Xunta de Facultade, sexa cal sexa a súa adicación. Os profesores que impartan docencia en máis dunha titulación serán membros da Xunta da titulación na que impartan máis horas de docencia. No caso de ter a mesma carga docente en varias titulacións, deberán elixi-la Xunta á que desexen pertencer mediante escrito dirixido ó Decano.

d) Tódolos axudantes. No caso de que un axudante imparta docencia en máis dunha titulación aplicarase o disposto no apartado b).

e) Tódolos bolseiros membros da Xunta de Facultade que figuren no Plano de Organización docente da titulación.

f) Unha representación de estudantes da titulación igual ó 30% da composición total da Xunta de Titulación, dos cales unha sexta parte serán estudantes do terceiro ciclo, no caso que os houbese.

g) Unha representación do Persoal de Administración e Servicios adscritos ó Centro igual o 10% da composición total da Xunta de Titulación.

## **ARTIGO 28**

1.- As Xuntas de Titulación constituiranse cando así o soliciten, alomenos, a terceira parte dos membros do Pleno da Xunta de Facultade.

2.- Para a válida constitución será preciso como mínimo a presenza da maioría dos seus membros en primeira convocatoria, e da cuarta parte en segunda, que terá lugar un cuarto de hora despois da inicialmente fixada.

## **TITULO II DOS ORGANOS UNIPERSOAIS DA FACULTADE**

### **CAPITULO PRIMEIRO DO DECANO**

#### **ARTIGO 29**

1.- O Decano representa á Facultade, exerce a súa dirección, preside e coordina a actuación dos seus órganos colexiados e executa os acordos destes dacordo cos artigos 108 e seguintes dos Estatutos da Universidade de Vigo.

2.- O Decano será elixido pola Xunta de Facultade e nomeado polo Rector, de entre os catedráticos ou profesores titulares numerarios a tempo completo, por un período de tres anos e podendo presentarse a unha soa reelección consecutiva.

3.- O Decano cesará nas súas funcións ó remate do seu mandato, a pedimento propio ou como consecuencia dunha moción de censura aprobada

pola Xunta de Facultade segundo o procedemento previsto neste Regulamento.

### **ARTIGO 30**

Son funcións do Decano:

- a) Exerce-la representación da Facultade.
- b) Convoca-la Xunta de Facultade, a Comisión Delegada Permanente, as demais Comisións e as Xuntas de Titulación.
- c) Executa-los acordos da Xunta de Facultade, da Comisión Delegada Permanente e das Xuntas de Titulación.
- d) Supervisa-lo funcionamento dos servicios da Facultade.
- e) Dirixi-la xestión ordinaria da Facultade.
- f) Propór, oída a Xunta de Facultade, a iniciación de expediente disciplinario a calquera dos membros da Facultade. No caso dun profesor, a proposta dirixirase ó Departamento correspondente.
- g) Velar polo cumprimento dos horarios docentes e de titorías.
- h) Aquelas que lle atribúa a lexislación vixente, os Estatutos da Universidade de Vigo e este Regulamento.

### **ARTIGO 31**

Anualmente, o Decano presentará unha memoria da súa xestión que será sometida a debate na Comisión Delegada Permanente e na Xunta de Facultade.

## **CAPITULO SEGUNDO DOS VICEDECANOS E DO SECRETARIO**

### **ARTIGO 32**

1.- O Decano designará de entre tódolos membros da Facultade ós Vicedecanos, que serán nomeados polo Rector.

2.- Os Vicedecanos actuarán coas competencias e funcións que lles asigne o Decano.

### **ARTIGO 33**

O Decano designará un Secretario de entre os profesores, axudantes e persoal de Administración e Servicios da Facultade, que será nomeado polo Rector. O Secretario é quen dá fe das actuacións dos órganos de goberno da Facultade, e como tal ten encomendada a custodia dos libros de actas dos mesmos.

## **TITULO III DA ELECCION E REVOCACION DO DECANO**

### **ARTIGO 34**

Transcurrido o prazo de campaña electoral nos termos sinalados pola Xunta de Goberno da Universidade, o Decano en funcións convocará unha sesión extraordinaria do Pleno da Xunta de Facultade que terá como único punto da orde do día a elección do Decano.

### **ARTIGO 35**

1.- Os candidatos disporán dun tempo máximo de 15 minutos para expoñer a súa proposta de liñas xerais de actuación, así como o seu equipo, e responderán durante un prazo máximo de 45 minutos ás preguntas que os membros da Xunta lle formulen.

2.- Concluídos os debates, procederase á votación, que se fará nunha única urna, mediante voto nominal e secreto de tódolos membros da Xunta en papeletas cun só nome. Non se admitirá a delegación de voto, nin o voto anticipado, nin o voto por correo.

3.- Realizado o escrutinio proclamarase Decano, en primeira votación, á persoa que obteña a maioría absoluta. No caso de que ningún dos candidatos obtivese tal maioría procederase a unha segunda votación entre os candidatos que manteñan a súa candidatura. Esta segunda votación, se é o caso, realizarase, alomenos, 24 horas despois da primeira. Será proclamado Decano

o candidato que obteña maior número de votos. Caso de empate realizaranse novas votacións ata que se resolva.

4.- O Decano en funcións elevará de contado a proposta ó Rector para que se proceda ó correspondente nomeamento.

### **ARTIGO 36**

1.- O Decano poderá ser apartado do seu cargo mediante moción de censura.

2.- A moción de censura, para poder ser tramitada, deberá ir asinada pola terceira parte dos membros da Xunta de Facultade, e incluí-lo nome do que se propoña como novo Decano.

3.- Se a moción de censura reunira os requisitos anteriores, o Decano, ou quen faga as súas veces, terá que convocar unha Xunta extraordinaria con este único punto na orde do día nun prazo máximo de 15 días hábiles.

### **ARTIGO 37**

Tanto o candidato proposto como o Decano disporán dun prazo máximo de 30 minutos para expoñe-las súas posicións e liñas xerais de actuación. De seguido, abrirase un turno de preguntas por parte dos membros da Xunta de Facultade, cun tempo máximo de duración dunha hora e media. Rematado o turno de preguntas e intervencións, procederase á votación nos mesmos termos que os sinalados polo artigo 35 deste Regulamento.

### **ARTIGO 38**

1.- Se a moción de censura obtivera o voto favorable da maioría absoluta dos presentes, será proclamado Decano electo o que figurará proposto na mesma. O antigo Decano actuará dende ese intre como Decano en funcións, e procederá a elevar de contado a proposta de nomeamento do novo Decano ó Rector da Universidade.

2.- Se a moción de censura non acadase os votos necesarios, considerarase refugada e os asinantes da mesma non poderán presentar outra ata transcorrido un ano dende a data de presentación da anterior.

## **TITULO IV DAS COMISIONS ASESORAS**

### **CAPITULO PRIMEIRO NORMAS XERAIS**

#### **ARTIGO 39**

1.- As Comisións Asesoras defínense como instancias de asesoramento técnico actuando por delegación da Xunta de Facultade ou da Comisión Delegada Permanente.

2.- Pola súa propia natureza, as Comisións Asesoras non toman decisións, agás mandato expreso ou delegación da Xunta de Facultade ou da Comisión Delegada Permanente, informando dos seus traballos e resolucións a esta última.

3.- As Comisións Asesoras poder ser Estables ou Coxunturais. As Comisións Estables responden a cometidos fixos; as Coxunturais consitúense para resolver asuntos concretos e deixan de existir ó rematar estes.

4.- Na creación das Comisións Coxunturais deberá especificarse a súa finalidade, composición e normas de funcionamento.

#### **ARTIGO 40**

1.- As Comisións serán presididas polo Decano ou calquer membro do equipo decanal en quen delegue, que dirixirá e moderará os debates.

2.- Os membros das Comisións teñen que selo da Xunta de Facultade. O Decano pode invitar a participar nelas, con voz e sen voto, a outros membros da Facultade.

3.- Así mesmo, cada sector poderá elixir membros suplentes en modo similar ós titulares, e actuarán en ausencia destes coas mesmas funcións e poderes.

4.- As reunións das Comisións terán que se celebrar nos locais da Facultade en días hábiles. Serán convocadas por escrito cunha antelación mínima de 48 horas, e no caso de urxencia apreciada polo seu Presidente, de forma verbal.



5.- As convocatorias a alumnos realizadas en días non lectivos deberán ser enviadas ó domicilio particular.

#### **ARTIGO 41**

1.- O funcionamento interno das Comisións Estables será determinado por elas mesmas, caso de non haber regulamento de instancias superiores.

2.- As Comisións Estables elixirán entre os seus membros un Secretario, que terá por función levantar acta sucinta das reunións da Comisión na que recolla os acordos adoptados, as opinións contrarias e o resultado das votacións.

3.- Na acta, que será exposta nun taboleiro habilitado a tal fin, deberá figurar unha relación dos membros presentes en cada votación.

#### **ARTIGO 43**

As Comisións Estables son:

- a) A de Docencia.
- b) A de Biblioteca.
- c) A de Actividades Culturais e Deportivas.
- d) A de Validacións.
- e) A de Laboratorios Informáticos.

### **CAPITULO SEGUNDO DA COMISION DE DOCENCIA**

#### **ARTIGO 44**

1.- A Comisión de docencia constitúese para informar á Comisión Delegada Permanente e á Xunta de Facultade sobre a planificación e desenvolvemento da actividade docente, cumprimento do profesorado, e os asuntos de organización de espazos físicos, calendarios, exames e outras cuestións relacionadas coas devanditas actividades.

2.- Así mesmo, a Comisión de Docencia velará polo cumprimento efectivo do dereito a revisión de exame que establece o artigo 231 dos Estatutos da Universidade.

**ARTIGO 45**

A Comisión de Docencia estará formada por:

- a) O Decano ou Vicedecano responsable.
- b) Cuatro profesores.
- c) Tres alumnos, garantindo a representación de todas as titulacións.
- d) Un membro do Persoal de Administración e Servicios.

**CAPITULO TERCEIRO DA COMISION DE BIBLIOTECA****ARTIGO 46**

A expensas do contido do Regulamento de funcionamento das Bibliotecas da Universidade de Vigo, pendente de aprobación, a Comisión de Biblioteca constitúese coa función de informar á Comisión Delegada Permanente e á Xunta de Facultade sobre a situación e funcionamento da Biblioteca, así como establece-la política de adquisicións, elabora-las normas de funcionamento de acordo co regulamento xeral da Biblioteca Universitaria, propór modificacións no funcionamento deste Servicio e asesorar ó persoal ó seu cargo en todo aquilo que precise.

**ARTIGO 47**

A Comisión de Biblioteca estará formada por:

- a) O Decano ou Vicedecano responsable.
- b) O Director da Biblioteca.
- c) Catro representantes do profesorado correspondentes a distintos Departamentos.
- d) Tres representantes dos estudantes, garantindo a representación de todas as titulacións.
- e) Un representante do persoal bibliotecario.

## **CAPITULO CUARTO DA COMISION DE ACTIVIDADES CULTURAI E DEPORTIVAS**

### **ARTIGO 48**

1.- A Comisión de Actividades Culturais e Deportivas constitúese para programar e coordina-las actividades culturais e deportivas da Facultade, así como para administra-lo orzamento asignado a tal efecto.

2.- Esta Comisión estará formada por:

- a) O Decano ou persoa en quen delegue.
- b) Tres profesores.
- c) Tres estudantes, dos que dous corresponderán á Titulación con maior matrícula. No caso de empate, procederase a sortear ese resto.
- d) Dos membro do Persoal de Administración e Servicios.

## **CAPITULO QUINTO DA COMISION DE VALIDACIONES**

### **ARTIGO 49**

1.- A Comisión de Validacións constitúese para resolver tódolos expedientes de tal índole que se presenten perante o Negociado desta Facultade.

2.- Esta Comisión estará formada por:

- a) O Decano ou Vicedecano no que delegue.
- b) Cuatro profesores.
- d) Tres estudantes, garantindo a representación de todas as titulacións.
- e) Un membro do Personal de Administración e Servicios (na medida do posible prestará os seus servicios na Unidade Administrativa do Centro).

## **CAPITULO SEXTO DA COMISION DE LABORATORIOS INFORMÁTICOS**

### **ARTIGO 50**

1.- A Comisión de laboratorios constitúese para informar á Comisión Delegada Permanente e á Xunta de Facultade sobre a planificación e desenvolvemento das actividades, asuntos de organización de espazos físicos, calendarios, exames e outras cuestións relacionadas coas actividades desenvoltas nos laboratorios informáticos dependentes da dirección do centro.

2.- Esta Comisión estará formada por:

- a) O Decano.
- b) O Vicedecano responsable.
- c) Cuatro profesores (na medida do posible garantirase a presenza do maior número de áreas con docencia nos laboratorios).
- d) Tres estudantes, garantindo a representación de todas as titulacións.
- e) Un membro do Personal de Administración e Servicios (na medida do posible representará o P.A.S que preste a súa laboura nestes laboratorios).

## **TITULO V DA REFORMA DO REGULAMENTO**

### **ARTIGO 51**

1.- A iniciativa para a reforma do presente Regulamento pode ser adoptada polo Decano, ou mediante proposta asinada polo vinte por cento dos membros da Xunta de Centro.

2.- As propostas de reforma dirixidas ó Decano da Xunta de Centro deberán acompañarse dun texto articulado e da argumentación na que se fundamentan.

3.- O debate para a reforma do Regulamento terá lugar nunha sesión extraordinaria da Xunta de Centro.

4.- Previamente ó debate para reforma-lo Regulamento someterase á consideración da Xunta de Centro a conveniencia de proceder á súa reforma, e no caso de considerarse adecuado, abrirase un prazo de presentación de emendas e suxestións ó texto presentado.

5.- A reforma do Regulamento requerirá a aprobación por maioría absoluta da Xunta de Centro.

## **DISPOSICIÓNS ADICIONAIS**

### **Primeira**

Os representantes dos estudantes teñen dereito á dispensa de asistencia ás clases e de se poder examinar noutra data, para facilita-la súa asistencia ás sesións ordinarias ou extraordinarias dos órganos colexiados da Facultade.

### **Segunda**

Para o que non estea disposto no presente Regulamento, nin nos Estatutos da Universidade de Vigo, aplicarase o que dispón a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común.

## **DISPOSICION DERRADEIRA**

O presente Regulamento entrará en vigor dende o momento da súa aprobación polo Claustro.